



EXIPTO NO RÍA DO BURGO

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CURSO 2018-19

CEIP PLURILINGÜE RÍA DO BURGO

1.- INTRODUCCIÓN

O noso proxecto responde a un tema de interese do alumnado xa que no mes de xuño de 2018 foi cando o equipo de biblioteca propón como tema para o próximo PDI as antigas civilizacións. Neste mes lévase a cabo unha votación na que participa o alumnado para elixir unha delas. A máis votada é Exipto. Ao longo do mes de setembro realizouse unha programación das actividades a desenvolver ao longo de todo o curso en torno ao Proxecto **“EXIPTO NO RÍA DO BURGO”**. Este documento, que sería a nosa folla de ruta, trasladouse a todo o equipo docente no claustro de principio de curso e déuselle a coñecer tamén ao Consello Escolar.

Neste proxecto participou a totalidade do alumnado e profesorado do centro. As familias tamén tiveron o su espazo, con actividades especialmente deseñadas para elas.

Obxectivos específicos marcados para este curso:

- Potenciar a coordinación e colaboración do profesorado do centro a través das distintas propostas da biblioteca.
- Trascender fronteiras e recoñecer o valor cultural doutro país.
- Servir de motor cultural para a Comunidade Educativa.
- Potenciar o tratamento e o uso da información.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado.

Para acadar estes obxectivos programáronse distintas actividades que levasen aos nenos/as a: escribir, ler, xogar, buscar información, pensar, participar, expresarse... Leváronse a cabo xogos (pasapalabra, búsqueda do tesouro, o enigma da semana), trípticos de novidades e tamén por temáticas, fomentamos o uso das tecnoloxías, iniciámonos no uso do escornabots, ...

Competencias que o PDI nos permitiu traballar:

- **Competencia en comunicación lingüística:** lectura e escritura de textos, exposicións orais, comunicación audiovisual.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** uso dos escornabots, realización de experimentos científicos .
- **Competencia dixital:** realización de vídeos, programas na radio, búsqueda de información en internet, presentacións dixitais.
- **Competencias sociais e cívicas:** Colaboración para o traballo en grupo.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** autonomía e esforzo á hora de levar a cabo as distintas actividades, deseñando propostas e levándoas a cabo.
- **Aprender a aprender:** busca, transformación e comunicación da información.
- **Conciencia e expresións culturais:** acceso a distintas manifestacións culturais da civilización exipcia.

O PDI levouse a cabo ó longo de todo o curso 2018-2019 tal e como se indica no punto 3.

2.- OBXECTO E TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

Ao longo do curso fanse propostas de actividades onde os recursos ofrecidos pola biblioteca se teñan que empregar: xogos (pasapalabra, busca do tesouro, o enigma da semana), traballos documentais, entrevistas na radio...

A temática do PDI permitiunos un amplo abano de posibilidades que nos permitiu coñecer moi ben esta civilización.

Os distintos niveis centráronse nestes apartados:

- Educación Infantil 3 anos: animais exipcios
- Educación Infantil 4 anos: papiros
- Educación Infantil 5 anos: amuletos
- 1º de Primaria: abecedario exipcio
- 2º de Primaria: faraóns
- 3º de Primaria: xogo exipcio cos escornabots
- 4º de Primaria: deuses
- 5º de Primaria: monumentos
- 6º de Primaria: raíñas

A biblioteca, ademais das propostas anteriores, programou outras actividades conxuntas relacionadas con este PDI: decoración de portas e concurso de tartas coa temática exipcia polo samaín, pirámide da paz, xogos, ambientación do colexio, exposición de bibliografía de exipto, exposición dos traballos elaborados...

3.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Dende a biblioteca, no mes de setembro deseñouse un proxecto que se presentou no claustro. Periodicamente enviamos papiros de Abayomi (en primaria) e Drilo (en infantil) ás aulas coas misión/retos. Aínda que todos investigaban, cada reto estaba dirixido especificamente a un nivel. Este foi o resultado:

Temporalización	Actividade	Destinatarios	Producto
Outubro	Papiro 1	Alumnado do centro	Non hai produto, é unha actividade de motivación para introducir o PDI
	Monumentos exipcios	5° de EP	Maquetas de monumentos
31 outubro: Samaín	Exposición de cabazas e concurso de larpeiradas arrepiantes inspiradas no PDI	Familias	Exposición de cabazas por toso o cole. Exposición de larpeiradas arrepiantes no comedor
	Decoración de portas	Alumnado do centro Profesorado	
Novembro	Xogo busca do tesouro	Todo o alumnado Profesorado	Xogo
	Xogo de preguntas e respostas co escornabot	3° de EP	Elaboración de 3 taboleiros con tarxetas. Vídeo explicativo para todo o alumnado.

Decembro	Deuses exipcios	4° EP	Decoración da biblioteca con 4 deuses. Entrevista ficticia a un deus exipcio.
Primeiro trimestre	Decoración do corredor da biblioteca	5° e 6° de EP Profesorado	Mural
Xaneiro	Amuletos	6° de EI	Elaboración de amuletos exipcios.
30 de xaneiro: Día da paz	Pirámide da Paz	Todo o alumnado	Mural dunha pirámide cos debuxos dos/as nenos/as representados como exipcios
Febreiro	Enigma da semana	Alumnado de EP	Xogo de búsqueda de información
	Decoración en EI	Todos os cursos de EI	Cocodrilo Drilo, pirámide, esfínxe e columnas exipcias.
Marzo	Animais	4° de EI	Taboeiro de animais exipcios con tarxetas de adiviñas para xogar co escornabot. Empregando o anybook.
8 de marzo: día da muller	Cleopatra	6° de EP	Biografía de Cleopatra para representar co Kamishibai
Abril	Faraóns	2° de EP	Entrevista ficticia a un faraón
23 de abril: día do libro	Abecedario exipcio	1° de EP	Libro abecedario.

Maio	Papiros	5° de EI	Elaboración de papiros. Presentación en power point explicando o proceso
	Pasapalabra	Todo o alumnado	Xogo realizado na biblioteca con cada clase
Xuño	Construcción da pirámide escalonada	Profesorado Alumnado	Pirámide escalonada de Zóser
	Exposición	Familias Profesorado Alumnado	Visita guiada por nenos e nenas de 6° de EP

4.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA

- Papiros de Drilo e Abayomi, nalgúns aparecen enlaces de interese.
- Documento de [como buscar na rede](#).
- Documento de [formación de usuarios](#).
- Proposta de traballo para cada nivel.
- Pasapalabra sobre Exipto, un para EI e outro para EP.
- Documento cos enigmas do xogo “O enigma da semana”
- **Documento coa información do xogo “Busca do tesouro”**
- **Enquisas de avaliación.**
- **Carteis de novidades.**

5.- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO

POLO ALUMNADO

- [Elección](#) do tema do PDI
- Desciframos os [papiros](#)
- [Samaín](#): concurso de cabazas, postres e decoración de portas
- [Decoración do corredor](#) da biblioteca (5° e 6° de EP)
- [Decoración en EI](#) (tódolos cursos de EI)
- Xogo “[Busca do tesouro](#)” (tódolos cursos de EI e EP)

- Xogo “[O enigma da semana](#)” (tódolos cursos de EP)
- Xogo “[Pasapalabra](#)” (tódolos cursos de EI e EP)
- [Xogo de adiviñas](#) e vocabulario exipcio co escornabot (4º de EI)
- [Taller de papiros](#) e presentación en power point. Expresión oral e plástica. (5º de EI)
- [Taller de amuletos](#). Expresión oral e plástica(6º de EI)
- [Abecedario exipcio](#) para o día do libro. Expresión oral e escrita (1º de EP)
- Entrevista ficticia na radio a un faraón exipcio. Expresión oral e escrita (2º EP)
- [Escornabot](#) en Exipto (3º de EP)
- Decoración na biblioteca con [deuses exipcios](#) e búsqueda de información(4º EP)
- Realización de [maquetas de monumentos](#). Expresión oral e plástica. (5º EP)
- [Biografía de Cleopatra no Kamishibai](#). Expresión oral e escrita (6ºEP)
- [Pirámide da paz](#)(tódolos cursos de EP e EI)
- [Entroido exipcio](#) (todolos cursos)
- Construción da [pirámide escalonada](#) (profesorado e alumnado)
- [Vídeo-invitación](#) para a exposición do PDI
- [Exposición fin de proxecto](#). Participaron tódolos cursos. Acudiron familias a visitala e nenos e nenas de 6ª de EP foron os guías. Expresión oral.
- Colaboración coa radio escolar. O alumnado fixo diversas actividades relacionadas coa expresión oral, fundamentalmente, na radio escolar. Poden verse no enlace <https://radioburgo.blogspot.com/>
- Coordinación co Club de Ciencia do colexio. O Club de Ciencia integrou diferentes experiencias relacionadas con Exipto no seu traballo ao longo do curso. Na súa participación no Día da Ciencia na Rúa, nos Xoves de Ciencia que fixemos na escola e na I Feira de Ciencia que celebramos no colexio o PDI de Exipto estivo presente e formou parte importante do traballo realizado. No blog do Club pode verse o traballo de todo o curso <https://cienciariadoburgo.blogspot.com/>

6.- RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Utilizaron materiais plásticos diversos para realizar as maquetas dos monumentos, amuletos, papiros, murais...

Os recursos dixirais foron: ordenadores da biblioteca e das aulas, pizarra dixital, micrófonos, cámara de video, escornabots.

Utilizáronse recursos de información na web que figuran nos papiros que mandaron Abayomi e Drilo, que tamén chegaban por correo electrónico a tódalas clases.

Bibliografía seleccionada para investigar sobre Éxipto:

- <http://vacacionestodoincluido.net/los-10-monumentos-de-egipto-mas-importantes/>
- <https://www.youtube.com/watch?v=U6vzIT-kgCE>
- <https://www.youtube.com/watch?v=5qXgipbSuYY>
- <https://escornabot.org/wiki/index.php/Recursos>
- <https://www.univision.com/entretenimiento/rituales/amuletos-egipcios-para-la-buena-suerte-fotos>

Tamén se utilizaron revistas e libros da nosa biblioteca:

- *Una momia muy responsable*. Dolores Núñez. Editorial Edelvives.
- *Así eran los egipcios*. Varios autores. Editorial SM
- *1, 2, 3 de repente en Egipto. El ojo de Horus*. Cristina Falcón Maldonado. Editorial Edebé.
- *La momia*. Enric Lluch. Editorial Animallibres.
- *El pequeño dragón Coco y la momia*. Ingo Siegner. Editorial La Galera
- *¡El poder de los dioses egipcios!* Varios autores. Editorial Beascoa.
- *La momia desmemoriada (El pequeño Leo Da Vinci 6)*. Christian Gálvez. Editorial Alfaguara.
- *El antiguo Egipto. Un viaje a los confines de la historia*. Gisela Socolovsky. Editorial Susaeta.
- *La historia de Tutankamón ilustrada para niños*. Patricia Cleveland- Peck. Editorial Astronave.
- *Visitemos a los egipcios*. Christa Holtei. Editorial Juventud.
- *En tiempos de los faraones*. Pascale Hedelin. Editorial San Pablo.
- *Egiptomanía*. Emma Giuliani. Ediciones Maeva.
- *Egipto. Grandes civilizaciones*. Editorial Parramón.

7.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da Comunidade Educativa foi moi alta.

Todo o **profesorado** foi partícipe dalgún modo deste PDI, traballando co alumnado, colaborando, apoiando... As mestras de PT e AL, xuntos c@s titores e titoras, adaptaron material para facilitar a integración de nen@s con TEA nas actividades.

O **equipo directivo** apoiou cada unha das propostas que se foron formulando ao longo do curso.

As **familias** tamén participaron nas diversas propostas que se lles fixeron: exposición de cabzas coa temática do PDI, participación no concurso de tartas terroríficas polo samaín, confeccionando disfraces para o entroido, investigando cos seus fillos, aportando distinto material e acudindo á exposición da biblioteca.

8.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Os traballos publicáronse no blogue da biblioteca, no blogue do centro, e nalgúns blogues das clases. Algúns cursos presentaron o seu traballo na revista da escola. Moitos dos traballos leváronse a cabo con traballos de exposición oral entre curso, gravacións en video, na radio, coa elaboración de material impreso, ...

A exposición da biblioteca foi unha recollida exhaustiva de tódolos traballos realizados ao longo do curso.

Blogue da biblioteca: <http://bibliocolorines.blogspot.com/>

Blogue do centro: <https://blogdoriadoburgo.wordpress.com/>


9.- AVALIACIÓN REALIZADA

O nivel de satisfacción é bastante alto, traballáronse moitas competencias, diferentes contidos e toda a comunidade educativa estivo moi implicada.


O equipo de biblioteca realizou unha enquisa a profesorado e alumnado.

- O **ALUMNADO** de 3º, 4º 5º e 6º opinou:

1.- O proxecto deste curso:




2.- Co proxecto deste curso:




Responderon 243 nenos/as.

- O PROFESORADO opinou:


1.- O proxecto deste curso:




2.- Co proxecto deste curso:



3.- A miña opinión sobre os proxectos documentais:



4.- A documentación (libros, enlaces, revistas...) facilitada polo equipo de biblioteca para o proxecto:



Responderon 22 persoas de 34

Nas propostas de mellora destaca a necesidade de coñecer a folla de ruta do PDI dende principio de curso para que cada nivel poida integrar as distintas actividades na súa programación de xeito integrado.

10.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Ó longo deste proceso, o papel da biblioteca escolar foi:

- Dinamizar o PDI
- Elaborar o deseño básico do proxecto e secuenciar as actividades
- Facilitar o materiais e recursos necesarios.
- Difundir as actividades desenvolvidas.